



CONSENTIMENTO INFORMADO PARA A PERSOA CANDIDATA Á AVALIACIÓN DA CUALIFICACIÓN PROFESIONAL OPERACIÓNS DE VIXILANCIA E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS E APOIO A CONTINXENCIAS NO MEDIO NATURAL E RURAL

1.- LOCALIZACIÓN:

A avaliación das 4 Unidades de competencia que compoñen a cualificación profesional de Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural levarase a cabo no Centro Integrado de Formación Profesional de Santiago – O Pedroso, segundo os calendarios de avaliación que se publiquen na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria: <http://emprego.ceei.xunta.gal/portada-reconecemento-experiencia-profesional>. As probas de simulación de algunhas unidades de competencia poderán ter lugar no Monte do Pedroso

A persoa candidata deberá presentarse no correspondente centro de formación con media hora de antelación en relación á hora que teñen programada a avaliación no calendario, debendo levar consigo de xeito obrigado o seu DNI, mascarillas e o equipo obrigatorio e necesario, segundo se indica nesta páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria, sen o cal non poderá realizar a avaliación.

2.- SIMULACIÓN DE PRÁCTICA PROFESIONAL

A persoa candidata realizará unha ou varias simulacións da práctica profesional das Actividades Principais das 4 unidades de competencia desta cualificación profesional:

- UC1964_2: Executar labores de vixilancia e detección de incendios forestais, mantemento de infraestruturas de prevención e extinción, e informar á poboación
- UC1965_2: Executar operacións de extinción de incendios forestais
- UC1966_2: Realizar labores de apoio en continxencias no medio natural e rural
- UC0272_2: Asistir como primeiro interveniente en caso de accidente ou situación de emerxencia

Para a simulación das actividades determinadas pola comisión de avaliación, a persoa candidata terá en conta os supostos que se lle plantexan, as condicións do entorno onde se realiza, e os equipamentos e materiais dispostos para a simulación. A persoa candidata deberá realizar as actividades propostas de igual xeito que nun entorno e situación real de traballo, sempre baixo o contexto presentado polo/a avaliador/a. A persoa candidata equiparase cos EPIs necesarios para a realización do exercicio, e en todo momento seguirá as normas necesarias para a seguridade.

Posibles simulacións que se poden presentar na avaliación da cualificación:

- efectuar labores de vixilancia desde puntos de observación fixos
- efectuar labores de vixilancia móbil
- atacar os incendios incipientes ou en fase de conato
- efectuar as labores de mantemento nas infraestruturas: pista forestal, puntos de auga, etc.
- emprego de desbrozadora
- efectuar labores de información, disuasión e/ou difusión a distintos colectivos de poboación
- executar labores de extinción con ferramentas manuais e mecánicas
- comprobar e manter as ferramentas e EPIs de extinción
- utilizar os equipos de impulsión de auga e tendidos de manguera



- apoio aos medios aéreos nas operacións de extinción e/ou control do lume
- apoio de maquinaria pesada nas operacións de extinción e/ou control do lume
- uso de lume técnico para a extinción e/ou control do lume
- montaxe e mantemento de facho de goteo
- apoio en emerxencias derivadas de fenómenos meteorolóxicos
- emprego de motoserra e mantemento
- emprego de escala manual de maneira segura
- apoio en emerxencias derivadas de desprazamento de terreos por terremotos ou derrubes
- estabilizar (apuntalamiento) elementos estruturais para evitar a súa caída
- actuar en accidentes de tráfico previamente á chegada dos medios de intervención
- estabilizar o vehículo accidentado desconectando a batería
- aplicar técnicas de excarcelación
- efectuar operacións en labores de extinción de incendios de edificacións no medio natural e rural
- actuacións con animais perigosos, verteduras incontroladas e contaminación de augas,
- comprobar útiles, ferramentas e equipos a empregar: medios de elevación, tracción, corte e excarcelación, illamento eléctrico, medios de iluminación, equipos de achique de auga, etc.
- valoración inicial de persoas accidentadas
- aplicar manobras de liberación da vía aérea
- aplicar técnicas de RCP, DESA e oxigenoterapia
- aplicar técnicas de hemostase
- aplicar técnicas de primeiros auxilios
- aplicar técnicas de mobilización e inmovilización
- aplicar técnicas de comunicación e apoio emocional aos accidentados e familiares

Posibles riscos na realización das simulacións:

- Caída de persoas ao mesmo ou distinto nivel
- Caída de obxectos por derrube ou obxectos desprendidos
- Caída de obxectos en manipulación
- Caídas por esvaróns, mala execución de amarres, sustentación sobre ancoraxes deficientes, volcos de escaleiras ou maquinaria
- Choques contra obxectos móbiles ou inmóbiles
- Golpes/cortes por obxectos ou ferramentas
- Golpes e aplastamento de membros por descoidos, caídas de obxectos, ramas ou madeira apilada, retrocesos da motoserra
- Proxección de fragmentos ou partículas
- Atrapamento por ou entre obxectos
- Atrapamento por envorco de máquinas ou vehículos
- Sobreesforzos
- Lesións musculares por falta de quecemento, posturas inadecuadas, posturas con tensión durante moito tempo, carga de obxectos pesados, sobreesforzos, movementos repetitivos (contracturas, esguinces).
- Danos oculares por proxección de obxectos (pedras, terra, polvo, etc.)
- Molestias derivadas do polvo
- Inxestión de produtos tóxicos (diversas vías)
- Picadura de animais
- Rozaduras ou feridas por calzado inadecuado
- Exposición a temperaturas ambientais extremas
- Contactos térmicos (queimaduras)
- Contactos eléctricos
- Incendios
- Accidentes cursados por seres vivos





- Atropelos ou golpes con vehículos
- Ruído e/ou vibracións
- Fatiga física por: posición, desprazamento, esforzo e/ou manexo de cargas

Equipos necesarios para a realización das simulacións, que deberá achegar a persoa candidata en cada unha das Unidades de Competencia ás que se presente á avaliación, segundo se indica na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria:

Para a UC1964_2: Executar labores de vixilancia e detección de incendios forestais, mantemento de infraestruturas de prevención e extinción, e informar á poboación, UC1965_2: Executar operacións de extinción de incendios forestais, e UC1966_2: Realizar labores de apoio en continxencias no medio natural e rural:

- Casco de intervención en incendios forestais ou urbanos con pantalla protectora ou no seu defecto gafas de protección.
- Bota de extinción de incendios forestais ou urbanos (ou bota de seguridade)
- Guantes de intervención en incendios forestais ou urbanos
- Funda/buzo de intervención en incendios forestais ou traxe de intervención en incendios urbanos
- Máscara de incendios forestais para a protección de inhalación de fume e partículas de cinza ou máscaras de protección respiratoria contra o po clase FFP1 ou similar

Para a UC0272_2: Asistir como primeiro interveniente en caso de accidente ou situación de emerxencia, non é necesario que as persoas candidatas acheguen equipo algún.

3.- SECUENCIA A REALIZAR POR CADA PERSOA CANDIDATA

- Presentarse no correspondente centro de formación coa debida antelación á hora asignada no seu calendario de avaliación, cotexar o DNI e o pago de taxas co persoal de apoio á avaliación e achegar este consentimento informado firmado.
- Atender e seguir en todo momento as indicacións dos avaliadores.
- Seguindo a súa quenda correspondente, esperar na zona reservada.
- Cando se lle indique, entrar na zona reservada de avaliación e esperar na zona de espera que se lle indique.
- Colocarse no punto de inicio da proba cando se lle indique.
- Realizar a proba seguindo as indicacións dos/as avaliadores/as.
- Seguir as indicacións de seguridade se sucede algún percance.
- Ao finalizar a proba, recoller o seus equipos e materiais
- Saír da zona reservada de avaliación.

4.- CONSIDERACIÓNS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO PARA AS PERSOAS CANDIDATAS

- Cada persoa candidata deberá levar os equipos necesarios que se requiren para o desenvolvemento das probas, que deberán estar en perfecto estado de uso para a súa utilización pola persoa candidata.
- A persoa candidata estará en zona de espera ata que lle corresponda o turno, nese momento escoitará a proba práctica que se lle propón e resolveránselle as dúbidas; antes de iniciar a proba práctica equiparase cos EPIs e medios de seguridade; a partir dese momento desprazarase á zona de desenvolvemento da simulación cando así se lle indique polos avaliadores.
- Para a realización da proba é imprescindible a presentación do DNI. No caso de presentarse algunha das persoas candidatas sen el, o persoal do IGC poderá excepcionalmente permitirlle a realización o último día das probas e ao rematar todos os demais candidatos.



- A persoa candidata non poderá realizar a proba baixo os efectos do alcohol ou calquera outro tipo de droga ou sustancia estupefaciente ou psicotrópica.
- A persoa candidata non poderá por en perigo deliberadamente a súa integridade física, a doutros candidatos, a do persoal da organización, ou da maquinaria, equipos e materiais a empregar nas probas.
- A persoa candidata deberá informar ao persoal do IGC e aos avaliadores de calquera incidencia sobre o seu estado físico ou psíquico que poida afectar á súa saúde ou á doutros na realización da proba.
- A persoa candidata deberá estar en condicións óptimas para a realización da proba na súa quenda correspondente.
- Unha vez iniciada a proba, a persoa candidata non poderá interromper a mesma, solicitar atraso ou espera, salvo por solicitude de abandono ou por causa de perigo para a súa integridade física, a de outra persoa candidata ou a do persoal da organización. Neste último caso, a comisión de avaliación valorará repetila de novo ao final das avaliacións, unha vez rematen os restantes candidatos.
- A incorrecta disposición por parte da persoa candidata dos elementos de seguridade, ou unha deficiente execución dos procesos de traballo, ou a realización de manobras nas que se advirta unha situación insegura, suporán, por criterios de seguridade, a finalización da proba.
- A persoa candidata deberá realizar a proba nos espazos asignados.
- A persoa candidata deberá seguir escrupulosamente as indicacións dadas polos/as avaliadores/as.
- Se por causas alleas aos candidatos é preciso suspender temporalmente a proba (calquera problema que poida afectar á seguridade dos candidatos ou do persoal do IGC), os avaliadores repetirán a proba unha vez solventado o problema e comenzando pola última fase executada pola persoa candidata.
- No caso de que a persoa candidata sufra algún percance físico ou psíquico que poida por en perigo a súa integridade ou a de outros, está obrigado a avisar de inmediato aos seus avaliadores, utilizando o sinal acordado para as probas de avaliación.
- Para a realización das probas, é de obrigado cumprimento asinar o presente documento de consentimento.

5.- PAUTAS DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA:

- A persoa candidata está obrigada a avisar inmediatamente se sofre algún problema que poida por en perigo a súa integridade física ou a de outros.
- Neste caso, pedirá axuda a viva voz, ademais de realizar a sinal de petición de axuda indicado.
- A persoa candidata repetirá estas accións ata que o persoal de avaliación se decate da súa incidencia.
- A persoa candidata seguirá en todo momento as indicacións do persoal de avaliación, mostrando unha actitude colaboradora ata o fin da asistencia.
- En caso de que o persoal avaliador estime que non existe causa grave que poida impedir a realización da proba, a persoa candidata, se a comisión de avaliación o considera, poderá repetila ao final das avaliacións.

6.- DECLARACIÓN RESPONSABLE CONDICIÓNS DE SAÚDE COVID-19

- Declaro que non estou diagnosticado/a de Covid-19, non presento sintomatoloxía asociada a este virus (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.), nin a presentei nos 14 días previos á data de realización desta actividade, nin padezo ningunha outra enfermidade contaxiosa.



- Declaro que non convivo con ningún afectado polo Covid-19, nin estiven en contacto estreito (non compartín espazo sen gardar a distancia interpersoal e sen a adecuada protección) cunha persoa afectada polo Covid-19, nos 14 días previos á data de realización desta actividade.
- Tampouco estou a gardar corentena debida a Covid-19 a requirimento das autoridades locais ou nacionais.
- Comprométome a realizar unha proba de temperatura antes de realizar a actividade, comprobando que se a temperatura corporal é superior a 37,5 comprométome a non continuar coa actividade.

Por tanto, declaro, baixo a miña responsabilidade, que participarei nas actividades de avaliación da competencia profesional, seguindo estritamente a información facilitada pola organización, acepto as condicións de participación e expreso o meu compromiso coas medidas de hixiene e prevención obrigatorias.

En a de de 2020

Asdo. e conforme,

O/A Candidato/a: